

**VI. ANUNCIOS****B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DE TABOADA**

*ANUNCIO da convocatoria do proceso de estabilización de emprego temporal para a selección de 15 auxiliares de axuda no fogar e 1 limpador/a, polo procedemento de concurso de méritos, incluídas na oferta de emprego público extraordinaria para o ano 2022.*

Mediante a Resolución da Alcaldía do Concello de Taboada do 14 de novembro de 2022 aprobáronse as bases e a convocatoria para cubrir 15 prazas de auxiliares de axuda no fogar e 1 praza de limpador/a, polo procedemento de concurso de méritos.

No *Boletín Oficial* da provincia de Lugo núm. 262, do 16 de novembro de 2022, aparecen integramente publicadas as bases da convocatoria para cubrir 15 prazas de auxiliares de axuda no fogar e 1 praza de limpador/a, polo procedemento de concurso de méritos, cuxas características son:

Denominación do posto: auxiliar de axuda a domicilio.

Subgrupo: agrupación profesional.

Escala: servizos especiais.

Titulación académica: certificado de profesionalidade de auxiliar de axuda no fogar ou certificados de profesionalidade que son válidos para institucións.

Número de vacantes: 15.

Denominación do posto: peón limpador de edificios municipais.

Subgrupo: agrupación profesional.

Escala: servizos especiais.

Titulación académica: certificado de escolaridade ou superior.

Número de vacantes: 1.



O prazo de presentación de solicitudes será de vinte días naturais contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Boletín Oficial del Estado*.

Os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no *Boletín Oficial* da provincia de Lugo, no taboleiro de edictos e na páxina web do Concello de Taboada, [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)

Taboada, 17 de novembro de 2022

Ramiro Moure Ansoar  
Alcalde

